

, veciña de Redondela, con domicilio en Estrada de

MANIFESTO:

Que a medio do presente escrito se realizan as seguintes OBSERVACIÓNS e SUXESTIÓNS ao borrador do PXOUM de Redondela:

PRIMEIRA.- En primeiro lugar hai que facer referencia á EDAR de Redondela.

En diversos documentos se indica que na actualidade a EDAR de Redondela situada no esteiro de Redondela está ao límite da súa saturación, así como que o seu emprazamento non parece o mais indicado (vid. pax. 15 do documento 01.b Memoria de Ordenación, ou pax. 55 do documento nº 00.01 DIE)

Sen embargo, non se propón un emprazamento distinto, nin se contempla a posibilidade de crear outra EDAR, nin se contempla ningunha outra opción para “solucionar” a situación actual.

Nos diversos documentos debe contemplarse como solucionar a saturación actual da EDAR, porque dita saturación ou colapso vai acontecer no momento en que se proceda a realizar os proxectos de urbanización que xa están previstas nas actuais normas urbanísticas que se atopan no propio núcleo de Redondela ou nas súas inmediacións, e que indicamos a continuación (vid. pax 65 do documento 1.b Memoria de Ordenación):

- Solo urbanizable asociado ao Pazo de Pousadouro (SUZ-R) no que se prevén 164 vivendas
- Solo urbanizable asociado ao Pazo de Petán (SUZ-R) no que se prevén 110 vivendas

SEGUNDA.- En relación coa parroquia de Reboreda, manifestar que nos diversos planos expostos, non se contempla a toda a parroquia de Reboreda, coas limitacións que elo implica.

Se realizan as seguintes suxestións e observacións

1.- Comunidade de Augas

Na parroquia de Reboreda existen diversas comunidades de augas (Asnelle, A Quintana e Santo Paio) que abastecen de auga potable a unha grande parte das vivendas, sen embargo, nin están sinalizados, nin están protexidos os depósitos de auga, nin os nacedoiros de auga.

Indicar que as Comunidades de Augas, xestionan todo o relativo có abastecemento de auga potable: procura de nacedoiros de auga; construción, mantemento e reparación dos depósitos de auga; construción, mantemento e reparación da canalización dende o depósito ata as vivendas, etc.

Son entidades que deben protexerse no sentido de que todas as Administracións deben apoialas porque implica que son os propios veciños quen xestionan todo o relativo ao abastecemento de auga, o que implica unha maior concienciación de que debe realizarse un uso racional e sostible da auga, ao ser un ben escaso e que debe protexerse.

Nos diversos planos existentes da parroquia de Reboreda non están sinalizados nin protexidos os depósitos de auga que abastecen á toda a parroquia, como tampouco está protexidos os nacedoiros de auga, polo que debe contactarse coas distintas comunidades de auga para a identificación dos nacedoiros e depósitos, e poder protexelos como zonas de especial protección de augas.

Ditas zonas deberían estar protexidas, ao igual que os ríos e os regos, tanto por ser patrimonio natural como parte integrante do ciclo da auga, ademais de que a súa protección específica implica o mantemento de áreas nos que tamén se fomenta a biodiversidade da flora e fauna que existe nas súas inmediacións das zonas húmidas.

2.- Mobilidade

Nos diversos documentos expostos faise referencia a que as infraestruturas viaria ou de mobilidade territorial forman parte indisoluble da paisaxe, ademais de que afectan á flora, fauna e a calidade de vida das persoas.

a) Rede viaria

Actualmente pola parroquia de Reboreda, pasa a estrada que leva a Pazos de Borbén, PO-250, sendo unha vía esencial para a comunicación entre a parroquia e o centro de Redondela.

A estrada pasa por unha zona totalmente urbanizada, sen embargo non é segura para o seu uso peonil, porque hai tramos nos que as beirarrúas son moi estreitas ou teñen os postes do tendido eléctrico.

Se ven demandando dende a veciñanza a creación de *reductores de velocidade* ou bandas transversais elevadas en dita estrada, principalmente nas inmediacións do Centro Cultural de Reboreda e nas inmediacións do CEIP de Reboreda.

Outra opción sería a elevación dos pasos de peóns que existen en dita estrada, có que se conseguiría a redución da velocidade dos vehículos e que as persoas con limitación físicas ou que teñan que usar dunha cadeira de rodas poidan cruzar a estrada sen ningún tipo de risco para a súa integridade física.

- b) Conexión da parroquia cós equipamentos básicos como centros deportivos, centro educativos, centro de saúde

A rede viaria proposta no PXOUM implica o mantemento das redes existentes, sendo principalmente unha rede central (todas as vías van dar ao centro de Redondela, concretamente á zona de A Farola)

Debería reformularse dita estrutura viaria porque elo implica o mantemento dun sistema que non mellora as deficiencias existentes nas vías de comunicación, como é o *efecto embudo* ao chegar ao centro de Redondela, que nin ten unha vía adecuada para absorber todo o tráfico das parroquias, nin se adopta ningunha medida para regular a circulación e dar satisfacción ás necesidades da veciñanza, que necesariamente teñen que pasar polo centro de Redondela para acceder a servizos básicos e aos equipamentos que se atopan na zona da marisma (centros educativos, centro de saúde, centros deportivos)

Na nova vía proxectada para reducir o tráfico polo centro da zona urbana de Redondela non da satisfacción ás necesidades dos veciños dado que dita vía non se prolonga ata a zona da Marisma onde está situado o centro médico, centros educativos e deportivos.

Unha posible solución a dito problema sería ampliar a nova vía ou variante á N-550 ata a zona da Marisma e paralelamente, adecuar as vías xa existentes ou previstas que unan as zonas urbanas de Reboreda con dita variante nas proximidades da vía do tren.

Indicar que en ningún caso se trata de crear novas vías, senón de utilizar e acondicionar as xa existentes.

- c) Entorno do CEIP Reboreda

Todas as estradas, sexan territoriais ou municipais que existen nas inmediacións do CEIP de Reboreda non están adecuadas nin para o tráfico de vehículos que implica o

acceso a un centro educativo, nin para o acceso a pe das persoas e menores que acoden ao mesmo.

Debe contemplarse á adecuación de todas as vías do seu entorno (non creación de novas vías) para o tráfico que supón un centro educativo, así como para a creación dunha zona peonil e/ou ciclista, con limitacións de velocidade e elevacións transversais para garantir a seguridade dos peóns, e que permita o seu uso por parte de toda a cidadanía, incluídas as persoas con problemas de mobilidade.

d) Outros

No borrador proposto mantense a estrutura viaria existente, o que implica o mantemento dun sistema viario que non é totalmente concorde cós obxetivos indicados na elaboración do PXOUM como a consecución dunha ordenación do territorio sostible.

Na parroquia de Reboreda se contempla como estruturante territorial a estrada que comeza na zona dos Eidos -en Redondela- e que remata en Ventosela, vial que pasa por unha zona urbana, e polo tanto por zonas habitadas.

No ten sentido o mantemento dese vial, coas afeccións que elo implica ás múltiples vivendas que están afectadas, e có conseguinte “perigo” para as persoas que viven nas súas inmediacións, e que se van a incrementar de levarse a cabo a urbanización da finca de Pousadouro, cando dito vial non conecta cunha vía de iguais ou maiores características, para acceder á PO-250 ou á N-550, e tampouco conecta con outras vías para acceder aos servizos básicos como os centros educativos ou o centro médico, sen ter que cruzar todo o centro urbano de Redondela.

Neste sentido, indicar que non ten sentido o mantemento de dito vial que non conecta toda a parroquia de Ventosela, e que remata no centro urbano de Redondela, nunha zona que na actualidade xa está saturada e que non comunica cós equipamentos básicos necesarios como o centro de saúde.

Elo non implica que dito vial deba mellorarse, pero non coas afeccións que elo implica de manterse a proposta do borrador do plan, e deberían acondicionarse os viais e camiños existentes que conectan dita estrada coa PO-250 (estrada de Redondela a Pazos) e coa N – 550 ou coa variante proposta no borrador, e así conseguir acceder aos equipamentos como os centro de saúde e centros educativos e deportivos sen ter que cruzar o centro de Redondela.

3.- XEL, Sistema de Espazos Libres e Zonas Verdes

a) Nos planos da parroquia non se contemplan dúas zonas que se utilizan de estacionamento público e que se atopan nas inmediacións da Casa Sociedade Labrego-Cultural de Reboreda.

b) Se contempla unha zona como SXEL 36.

Se descoñece os criterios seguidos para a delimitación de dita zona, o uso específicos que se quere dar a dita zona (se zona verde, se parque infantil, ...) así como se se tivo en conta a súa accesibilidade e as persoas que resultan beneficiadas (só os veciños das inmediacións ou das parroquias próximas), posto que nas proximidades existen zonas similares con mellor accesibilidade para os vehículos.

Por todo o exposto,

SOLICITO que se teña por presentado este escrito, se admitan e se teñan por realizadas as observacións e suxestións que se conteñen no presente escrito ao borrador do PXOUM de Redondela.

En Reboreda, a 13 de agosto de 2.018.